

## CUARTETO ENESCO

Constantin BOGDANAS, **violín**

Florin SZIGETI, **violín**

Vladimir MENDELSSOHN, **viola**

Dorel FODOREANU, **violonchelo**

O CUARTETO ENESCO fundouse en 1979. Para honrar a memoria do ilustre Georges ENESCO (1881-1955) os seus compoñentes deron o seu nome ao Cuarteto. O seu encontro cos famosos músicos Sandor Vegh e Sergiu Celibidache foi da máis alta importancia. O Cuarteto mantivo relacións musicais privilexiadas no plano internacional dende o principio dos seus estudos con estes grandes artistas.

O seu repertorio abarca un gran número de obras que comprenden páxinas clásicas e románticas dos séculos XVIII e XIX, así como a música do século XX, que ocupa un lugar importante no seus programas. Interpretou numerosas obras contemporáneas para cuarteto de cordas compostas por Philippe Hersant, Serge Nigg, Henri Sauguet, Jean-Jacques Werner, Pierre-Max Dubois, Jesús Guridi, Xavier Montsalvatge, José Peris Lacasa, Carmelo Bernaola, Josep Soler e José García Román. Varios deles escribiron obras especialmente para o Cuarteto.

Participa nos principais Festivais: Besançon, Prades, La Chaise-Dieu, Montpellier, París, Cannes,

Barcelona, Santander, Granada, Basilea, *Festival Georges Enesco* de Bucarest, *Festival Ivry Gitlis* de Francia, en el *Koblenz Festival* de Alemaña, no *Festival Xalapa* de México. No *Festival Kuhmo* de Finlandia, a súa interpretación foi escollida para figurar no CD que se gravou en directo para o Festival. Actuou con artistas como Lluís Claret, Jean-Philippe Collard, Paul Meyer, Jean-Pierre Rampal, Gabriel Tacchino, Jean-Claude Vanden Eynden, Régis Pasquier, Marielle Nordmann, Narciso Yepes, etc.

O Cuarteto Enesco tocou nas salas máis prestixiosas do mundo como: Salle Gaveau, Salle Pleyel e Théâtre des Champs-Élysées de París, Teatro Real e Auditorio Nacional de Madrid, Fundación Gulbenkian de Lisboa, Concertgebouw de Ámsterdam, Wigmore Hall de Londres, Library of Congress de Washington, entre outras.

É cuarteto residente do *Conservatorio Francis Poulenc* de París. Imparte clases maxistras en diferentes países europeos como España, Suíza, Bélxica, Francia, etc. En España e dende 1997, na Comunidade Autónoma de Aragón, desenvolve un gran labor a través dos Cursos sobre Técnica e Interpretación para rapaces músicos.

Efectuou numerosas gravacións para as firmas francesas Forlane e Arion, con obras de Schubert,

Schumann, Dvorak, Boccherini, Cherubini, Debussy, Ravel, Franck, Chausson, Louis Vierne, Enesco, Janacek, Bartok e outros moitos. Pola gravación de Franck e Chausson, recibiu o Diapasón de Ouro francés. Tamén gravou un CD con música contemporánea dos compositores franceses Serge Nigg, Philippe Hersant polo que recibiron o *Gran Premio da Academia Francesa do Disco*, en 1989.

En España gravou para a casa Claves tres CDs cos 2 Cuartetos de Guridi, que foi nomeada como *“unha das mellores gravacións do ano”*, e outro disco con música catalá e vasca que comprende o *“Cuarteto Indiano”* de Xavier Montsalvatge, e o cuarteto de Usandizaga, así como os cuartetos de Josep Soler e Martínez Izquierdo. En Madrid, actuou en numerosas ocasións (Teatro Real, Palacio Real, Ciclo da Universidade Autónoma, Ciclo de Música de Cámara da Fundación Ramón Areces etc.). Ofreceu concertos practicamente en todas as cidades españolas.

Durante a tempada 2006-2007 realizaron xiras e concertos en Luxemburgo, Holanda, Bélxica e Italia (Venecia, Roma, Milán), París e participaron nos Finland Days na Haia (Holanda) e no 2007 volveron novamente a China.

### CUARTETO ENESCO

Constantin BOGDANAS, **violín**

Florin SZIGETI, **violín**

Vladimir MENDELSSOHN, **viola**

Dorel FODOREANU, **violonchelo**

El CUARTETO ENESCO se fundó en 1979. Para honrar la memoria del ilustre Georges ENESCO (1881-1955) sus componentes dieron su nombre al Cuarteto. Su encuentro con los famosos músicos Sandor Vegh y Sergiu Celibidache fue de la más alta importancia. El Cuarteto ha mantenido relaciones musicales privilegiadas en el plano internacional desde el principio de sus estudios con estos grandes artistas.

Su repertorio abarca un gran número de obras que comprenden páginas clásicas y románticas de los siglos XVIII y XIX, así como la música del siglo XX, que ocupa un lugar importante en sus programas. Ha interpretado numerosas obras contemporáneas para cuarteto de cuerdas compuestas por Philippe Hersant, Serge Nigg, Henri Sauguet, Jean-Jacques Werner, Pierre-Max Dubois, Jesús Guridi, Xavier Montsalvatge, José Peris Lacasa, Carmelo Bernaola, Josep Soler y José García Román. Varios de ellos han escrito obras especialmente para el Cuarteto.

Participa en los principales Festivales: Besançon, Prades, La Chaise-Dieu, Montpellier, París, Cannes, Barcelona,

Santander, Granada, Basilea, *Festival Georges Enesco* de Bucarest, *Festival Ivry Gitlis* de Francia, en el *Koblenz Festival* de Alemania, en el *Festival Xalapa* de México. En el *Festival Kuhmo* de Finlandia, su interpretación fue escogida para figurar en el CD que se grabó en directo para el Festival. Ha actuado con artistas como Lluís Claret, Jean-Philippe Collard, Paul Meyer, Jean-Pierre Rampal, Gabriel Tacchino, Jean-Claude Vanden Eynden, Régis Pasquier, Marielle Nordmann, Narciso Yepes, etc.

El Cuarteto Enesco ha tocado en las salas más prestigiosas del mundo como: Salle Gaveau, Salle Pleyel y Théâtre des Champs-Élysées de París, Teatro Real y Auditorio Nacional de Madrid, Fundación Gulbenkian de Lisboa, Concertgebouw de Ámsterdam, Wigmore Hall de Londres, Library of Congress de Washington, entre otras.

Es cuarteto residente del *Conservatorio Francis Poulenc* de París. Imparte clases magistrales en diferentes países europeos como España, Suiza, Bélgica, Francia, etc. En España y desde 1997, en la Comunidad Autónoma de Aragón, desarrolla una gran labor a través de los Cursos sobre Técnica e Interpretación para jóvenes músicos.

Ha efectuado numerosas grabaciones para las firmas francesas Forlane y Arion, con obras de

Schubert, Schumann, Dvorak, Boccherini, Cherubini, Debussy, Ravel, Franck, Chausson, Louis Vierne, Enesco, Janacek, Bartok y otros muchos. Por la grabación de Franck y Chausson, recibió el Diapasón de Oro francés. También ha grabado un CD con música contemporánea de los compositores franceses Serge Nigg, Philippe Hersant por el que recibieron el *Gran Premio de la Academia Francesa del Disco*, en 1989.

En España ha grabado para la casa Claves tres CDs con los 2 Cuartetos de Guridi, que fue nominada como *“una de las mejores grabaciones del año”*, y otro disco con música catalana y vasca que comprende el *“Cuarteto Indiano”* de Xavier Montsalvatge, y el cuarteto de Usandizaga, así como los cuartetos de Josep Soler y Martínez Izquierdo. En Madrid, ha actuado en numerosas ocasiones (Teatro Real, Palacio Real, Ciclo de la Universidad Autónoma, Ciclo de Música de Cámara de la Fundación Ramón Areces etc.). Ha ofrecido conciertos prácticamente en todas las ciudades españolas.

Durante la temporada 2006-2007 realizaron giras y conciertos en Luxemburgo, Holanda, Bélgica e Italia (Venecia, Roma, Milán), París y participaron en los Finland Days en la Haya (Holanda) y en el 2007 volvieron nuevamente a China.

# programa

## Parte I

### W.A. Mozart (1756-1791)

*Divertimento en Re Kv 136*

*Allegro*

*Andante*

*Presto*

### L. Janacek (1854-1928)

*Cuarteto nº 2 "Cartas Íntimas"*

*Andante con moto. Allegro*

*Adagio. Vivace*

*Moderato. Adagio. Allegro*

*Allegro. Andante. Adagio*

## Parte II

### M. Bruch (1838-1920)

*Cuarteto nº 1 Op. 9*

*Andante - Allegro ma non troppo*

*Adagio*

*Allegro molto energico*

*Molto vivace*

### G. Enesco (1881-1955)

*Rapsodia Rumana*

*(Transcripción para cuarteto de V. Mendelssohn)*

## Próximos conciertos:

27 de maio

**Mendelssohn Chamber Orchestra** (Hungría)

Coa colaboración de:



Sociedad Filarmónica de Lugo  
Edificio Pazo de la Maza (planta primeira, local 3)  
Ruanova, 19 - 27001 Lugo  
982 230 805

Se desexa recibir os programas por correo electrónico envíe o seu enderezo a: [filarmonicalugo@terra.es](mailto:filarmonicalugo@terra.es)

**Rogamos desconecten os seus teléfonos móbiles, reloxos e axendas electrónicas durante a celebración do concerto.**



ANO 65

Tempada 2010-2011. Concerto nº8  
nº 602 da Sociedade

# CUARTETO ENESCO

Concerto de Primavera

luns, 4 de abril de 2011

20,30 horas

Salón Rexio do Círculo das Artes